

## PROBA TIPO TEST PARA A SELECCIÓN DE 1 MONITOR DEPORTIVO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024.

### Información previa sobre a proba teórica:

- Obrigatorio cubrir os datos de nome e apelidos e dni.
- Cada pregunta terá tres respostas posibles das que solo unha será a correcta, referidas ao contido do programa da convocatoria relacionado no anexo I.
- Tempo máximo para a realización da proba teórica será de 30 minutos.
- Cualificarase de 0 a 6 puntos, valorándose as correctas con 0,30 puntos, as erróneas se penalizarán con 0,10, as respostas en branco ou nulas non penalizarán.
- Marcar cunha **X** a resposta correcta, si te equivocas **rodear cun círculo e** marcar cunha **X** a correcta.
- Asinar o exame antes de entregalo.

NOME E APELIDOS:
------------------

DNI:
------

1. ¿A que órgano municipal corresponde aprobar a relación de postos de traballo, as retribucións do persoal, a oferta de emprego público?
  - a) O Pleno
  - b) O Alcalde
  - c) A xunta de Goberno Local
2. Sinale cal de estas respostas é a correcta.
  - a) A parroquia de O Castro, limita coas parroquias de San Eulalia de Pena, Donalbai, Cerdeiras, Baldomar Begonte e Viris.
  - b) A parroquia de O Castro, limita coas parroquias de Baamonde, Gaibor, Trobo, Felmil e Damil, Begonte.
  - c) A parroquia de O Castro, limita coas parroquias de San Vicente de Pena, Bóveda, Pacios, Illán, Begonte e Viris.
3. Segundo os datos IGE a día de hoxe en que franxa de habitantes se atopa na actualidade o Concello de Begonte:
  - a) Entre 2.000 e 3.000 habitantes.
  - b) Entre 3.001 e 4.000 habitantes
  - c) Entre 4.001 e 4.500 habitantes.
4. En que ano fundou José Domínguez Guizán e José Rodríguez Varela o Belén Electrónico de Begonte.
  - a) 1972
  - b) 1973
  - c) 1974

5. A lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu artigo 4 ten como principios xerais entre outros:
  - a) O dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha.
  - b) A garantía da práctica deportiva en condicións de saúde e seguridade, para o que será necesaria a cualificación adecuada dos profesionais que a dirixen.
  - c) A adecuada utilización do medio natural para a práctica deportiva, e a súa compatibilización coa protección do medio ambiente.
6. Cantos Pavillóns hai no Concello de Begonte, nos que se realizan actividades deportivas:
  - a) 1
  - b) 2
  - c) Ningún
7. Que ruta de sendeirismo podes utilizar para ir de Baamonde a Begonte:
  - a) Ruta da auga.
  - b) Ruta dos caneiros
  - c) Ruta das Insuas do Miño
8. Tipos de contracción muscular:
  - a) Isotónica e concéntrica
  - b) Isotónica e excéntrica
  - c) Isotónica e isométrica
9. Cal das seguintes actividades se ofertou no “Programa de actividades socioculturais e deportivas 2023-2024” do Concello de Begonte para mozos/as e adultos/as?
  - a) Costura creativa a man e a máquina.
  - b) Teatro
  - c) Tenis
10. Qué factores inflúen no desenvolvemento da resistencia:
  - a) Idade, herdanza xenética, sexo e alimentación
  - b) Idade, forza, altura e alimentación.
  - c) Idade, sexo, velocidade e alimentación
11. Respecto ó medio ambiente a Constitución Española establece:
  - a) O dereito a desfrutalo.
  - b) O deber de conservalo.
  - c) a) e b) son correctas.

12. Entre as circunstancias que expresamente cita a Constitución Española en referencia a súa igualdade ante a lei, non figura a de:
- Idade
  - Nacemento
  - Sexo
13. Elementos do corpo humano:
- Células, tejidos, órganos, aparatos e sistemas
  - Células, tejidos e órganos.
  - Ningunha é correcta
14. Tipos de ósos en función da forma:
- Ósos longos, cortos, planos, regulares e isomoideos
  - Ósos longos, cortos, planos, irregulares e sesamoideos
  - Ósos longos, cortos, planos, regulares.
15. Clases de equilibrio:
- Estático, dinámico, e post-movemento
  - Estable, global, dinámico – xeral
  - a) e b) son correctas.
16. Qué se debería traballar nun entrenamiento físico non antes dos 8 anos:
- A forza, a velocidade
  - Resistencia e flexibilidade.
  - a) e b) son correctas
17. No artigo 8 da lei 3/2012 descríbese as competencias dos municipios entre as que se encontra a seguinte:
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
  - Fomentar, promover e difundir o deporte.
  - Ás dúas respostas anteriores son correctas
18. En cal destas capacidades se produce involución co crecemento?
- Resistencia.
  - Velocidade.
  - Flexibilidade.

19. En relación as características comúns aos xogos cal é a correcta:

- a) Non forma parte do comportamento, como mecanismo de adaptación o medio que rodea ao individuo, xera insatisfacción, altamente motivador, é espontáneo e regrado.
- b) Actividade necesaria que responde a necesidade de actuar do individuo, constitúe a base do seu desenvolvemento, base da cooperación e convivencia, ten gran valor educativo.
- c) Son falsas a) e b)

20. Clasificación sociolóxica dos xogos populares:

- a) Xogos de calle, patio o praza, de festa maior ou feira
- b) Xogos deportivos e deportes tradicionais.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

### PREGUNTAS RESERVA

1. De qué depende o número de concelleiros a elixir por cada concello?

- a) Da poboación residente no término municipal.
- b) Da superficie do municipio
- c) Son correctas a) e b)

2. Cal destas parroquias pertence o Concello de Begonte:

- a) O Buriz (San Pedro)
- b) Carral
- c) Gaioso

3. Os músculos pronadores encóntranse no:

- a) Brazo
- b) Coxa
- c) Antebrazo

4. A parte do gran valor educativo, o xogo supón unha educación activa integral, xa que satisface unha serie de necesidades:

- a) A nivel fisiolóxico, biolóxico, psíquico e social.
- b) So a nivel fisiolóxico e social
- c) Son incorrectas a) e b)

Begonte a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

Asinado: \_\_\_\_\_

**RESPOSTAS CORRECTAS PROBA TIPO TEST 1 MONITOR DEPORTIVO 05/07/2024:**

Nº PREGUNTA	RESPOSTA	Nº PREGUNTA	RESPOSTA	Nº PREGUNTA	RESPOSTA	Nº PREGUNTA	RESPOSTA
1	<b>c</b>	6	<b>b</b>	11	<b>c</b>	16	<b>c</b>
2	<b>c</b>	7	<b>b</b>	12	<b>a</b>	17	<b>a</b>
3	<b>a</b>	8	<b>c</b>	13	<b>a</b>	18	<b>b</b>
4	<b>a</b>	9	<b>c</b>	14	<b>b</b>	19	<b>b</b>
5	<b>b</b>	10	<b>a</b>	15	<b>a</b>	20	<b>c</b>

**PREGUNTAS RESERVA**

Nº PREGUNTA	RESPOSTA
1	<b>a</b>
2	<b>b</b>
3	<b>c</b>
4	<b>a</b>